



Arriba á esquerda, senda peonil que vai cara o campo da festa de Boqueixón; á dereita, senda que conectará o núcleo da Igrexa-Sergude. Abaixo, melloras no firme

Investimento de 140.000 euros na mellora de pistas e accesos as aldeas

O Concello de Boqueixón vén de poñer en marcha dous proxectos de mellora de pistas e estradas municipais, cun investimento conxunto de máis de 140.000 euros. Así, dende os meses de verán, estanse a acometer ata vinte actuacións en accesos

a núcleos como Deseiro de Arriba, Vigo, Alboia, Gastrar, Vliar, Camporrapado, Rebordaos, Mato, A Quenlla, Pedrouzo ou Piñeiro de Abaixo, nas que se repararán baches, limparanse cunetas e aplicarase un tratamento asfáltico con rego de selado.

Inclúese tamén a sinalización horizontal do viario do Forte a Casalpegito (3.390 metros), co pintado de liñas, construción dun muro e pavimentación dun tramo. Por outra banda, melloraranse camiños en Pumares, Pazos, Castrelo-Virxe de Lurdes, Burgo e Ledesma,

así como os accesos a Manlle, Eirexe, Santaia e Casalvieito. Ademais, acondicionaranse un camiño en Burgo (140 metros) con zahorra e asfaltarase un viario en Baiuca (395 metros), completando un plan que reforza a mobilidade e a seguridade viaria no municipio.

CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

01 set / 07 set	LOUREDA	Campo da festa
08 set / 14 set	GASTRAR	Campo da festa
15 set / 21 set	BOQUEIXÓN	Campo da festa
22 set / 28 set	CODESO-DONAS	Campo da festa
29 set / 12 out	OURAL-POUSADA-SUCIRA	Casa da Cultura



A IX Noite Velada enche de música música e luz o campo de Ponte Ledesma

Un campo do río de Ponte Ledesma engalanado para a ocasión con máis de trescentas candeas e cincuenta teas, acolleu na novena edición da "Noite Velada", organizada polo Concello de Boqueixón. Este ano a música correu a cargo dos grupos locais "Muxicas da Silveira" e da Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio, encargándose de pechar a noite o grupo "Leirabuxo", de Melide, que deleitou ao público cun repertorio no que combinou temas dos seus dous discos de estudo e pezas emblemáticas do cancionero tradicional galego.

Unha atmosfera íntima e acolledora para que veciños e visitantes puideran gozar dunha noite de exaltación da cultura e da música tradicional, nun entorno privilexiado que reforza a identidade e o patrimonio do noso municipio.



Conciliación familiar para o curso escolar: *Madrugadores e Tardes divertidas*

O Concello oferta dous programas de conciliación familiar para este curso: *Madrugadores*, servizo de acollida e coidado de 7:30 a 9:00 h; e *Tardes divertidas e de lecer*, acompañamento escolar ou actividades lúdicas de 15:30 a 18:30 h. Ambos están dirixidos a alumnado de 3 a 16 anos (empadroado ou matriculado en Boqueixón) e terán lugar no CPI Antonio Orza Couto. Máis información na web do concello.

ESCOLAS DEPORTIVAS Dirixidas a idade escolar

PATINAXE

Ágora Boqueixón
Patinaxe Artística
Pavillón de Lestedo

RÍTMICA

Club Squadra Boqueixón
Ximnasio municipal

JUDO

Escola Judo Club
Ximnasio municipal

CARREIRA POR MONTAÑA

Club de Montaña Vértice
Pavillón de Lestedo

FÚTBOL

Vedra Boqueixón Escola Deportiva
www.vedraboqueixoned.org

As escolas deportivas abren o prazo de inscrición en setembro

As escolas deportivas de Boqueixón teñen aberto o prazo de inscrición para o curso que vén. Toda a información na web municipal: www.boqueixon.gal.

Convocados talleres gratuitos de capacitación dixital

Boqueixón acollerá uns talleres prácticos gratuitos de Capacitación Dixital, de 15 horas, para aprender a usar o móbil, a tablet, o ordenador e aplicacións básicas (e-mail, ofimática, facer trámites con centros de saúde e outras administracións...). Os requisitos para participar son residir en Boqueixón e estar desempleado ou xubilado. Máis información e inscricións no Concello (981 51 30 61 e emprego@boqueixon.es) ou no 604 011 269 / tic@empleoenred.org.

Promoción da natalidade e fomento do comercio local

O Concello de Boqueixón lembra que segue aberto o prazo de solicitude das axudas de ata 400 € por cada crianza nada, adoptada ou acollida ata o 31 de decembro de 2025. Esta achega ten un dobre obxectivo: axudar ás familias cos custos derivados do nacemento, acollida ou adopción de nenos e fomentar o comercio local, xa que o gasto debe realizarse en empresas radicadas no noso municipio. Como exemplo, en 2024 concedéronse axudas por 3.600€, que reverteron no noso comercio.

As solicitudes deben presentarse por vía electrónica ou no Rexistro Xeral do Concello no prazo máximo de 15 días naturais contados desde o día seguinte ao nacemento, adopción ou acollemento. Máis info: boqueixon.gal.

O Forte e Codeso acollerán as primeiras áreas de composteiros comunitarios

O Concello ten previsto construír as dúas primeiras áreas de composteiros comunitarios no Forte e Codeso, actuación na que investirá máis de 20.000€. Esta iniciativa enmárcase dentro da estratexia municipal de fomento da compostaxe, que busca avanzar cara a unha xestión máis sostible dos residuos orgánicos posta en marcha grazas a unha axuda da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, cofinanciada polo Fondo Europeo no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola UE-Next GenerationEU.

O alcalde Ovidio Rodeiro explica que “trátase dun paso máis adiante na nosa campaña de promoción da compostaxe doméstica na que levamos repartido case un milleiro de composteiros entre a ve-

ciñanza. A nosa intención é minimizar a xeración de residuos e concienciar á xente da importancia da reciclaxe e dos seus beneficios a nivel ambiental, social e mesmo económico, pois poden transformar os seus refugallo orgánicos nun compost de calidade que pode reutilizarse como abono”.

Así, a veciñanza contribúe tamén a diminuír os residuos enviados a vertedoiros, promovendo así unha economía circular. As novas instalacións ofrecerán unha nova vía de reciclaxe da materia orgánica a aqueles veciños e veciñas que viven en bloques de pisos ou que non dispoñen dun terreo onde valorizar eses residuos. Están previstas sesións informativas para explicar o funcionamento dos composteiros para fomentar así a participación cidadá.

Convocados os cursos de Mente Activa e Novas Tecnoloxías

O Concello convoca un novo curso de *Mente Activa*, que terá lugar en Lestedo todos os venres, de 11:30 a 13:00 h. Trátase de actividades para traballar a memoria e a atención, axudando a atrasar o deterioro cognitivo.

Os cursos de informática e móbil terán lugar os martes no Forte (sen coñecementos de 16:00 a 17:30 h. e con coñecementos previos de 17:45 a 19:15 h.) e os venres en Lestedo (con coñecementos previos, de 10:00 a 11:30 h.). É imprescindible ter ordenador portátil.

O prezo é de 15 €/mes e os cursos terán lugar de outubro de 2025 a xuño de 2026. Máis información no Dep. de Cultura (981 513 115) e inscricións no Rexistro Municipal ou na Sede Electrónica antes do 23 de setembro.



A rapazada do Verán Activo aprende a coidar o medio ambiente

O alcalde Ovidio Rodeiro guiou á rapazada do Verán Activo durante a súa visita a tres puntos fundamentais para coidar o medio ambiente no noso municipio: o punto limpo, onde se recolle e recicla o lixo; a EDAR de Sergude, que depura as augas; e a potabilizadora, que permite dispoñer de auga potable.



A Pequebanda da Banda UM Ponteledesma visita o Verán Activo

Os rapaces e rapazas do servizo de conciliación Verán Activo recibiron a visita da Pequebanda da Banda UM Ponteledesma, que interpretaron varias pezas musicais, ensináronlles os seus instrumentos e mesmo os convidaron a coller a batuta e dirixiren por uns intres á banda.

Loga Integral e Benestar abre inscricións

O Concello abre inscricións no curso de loga Integral e Benestar, que terá lugar na casa da cultura de Camporrapado de outubro de 2025 a xuño de 2026. O prezo é de 20€/mes e as clases terán lugar os mércores, de 19:00 a 20:00 ou de 20:00 a 21:00. Máis información: 981 513 115. Inscricións por Rexistro ou sede electrónica antes do 23 de setembro.

Derradeiras visitas guiadas ao Pico Sacro

Rematan as visitas guiadas gratúitas ao Pico Sacro organizadas polo Concello. Últimas oportunidades de explorar a zona cun guía local: venres 5 e 12, sábados 6 e 13 e domingos 7 e 14 de setembro. Reserva de praza no 981 513 061.



A veciñanza volveu gañar a batalla

O campo do río de Ponte Ledesma acolleu a recreación da Batalla de Ponte Ledesma, organizada polo Concello e que recrea o enfrontamento que tivo lugar en marzo de 1809 entre a veciñanza da zona, liderada pola Xunta

de Trasdeza, e as tropas napoleónicas. Un ano máis, a veciñanza volveu gañar a batalla ante a tropa francesa. O acto estivo dirixido polo actor Suso Martínez, que narrou ao público os detalles deste feito histórico e que estivo acom-

pañado polo músico Manoele de Felisa.

O concelleiro de Turismo, José Luís Mareque, agradeceu a participación dos veciños e veciñas de Ponte Ledesma e da contorna nesta recreación.

AXENDA DE SETEMBRO

Domingo
7

Amencer no Pico Sacro

Actividade de loga e Benestar, de 7:30 a 9:30 horas. Inscricións e máis información no Dep. de Cultura: 981 513 115 / cultura@boqueixon.es

Domingo
7

Goza do Ulla

Punto de encontro: Codeso-San Paio ás 10:00 h. Percorrido de 9.1km polo Roteiro de Pescadores. Inscricións: 981 513 061 / boqueixonrutas@gmail.com

Venres
12

Concerto-Espectáculo Queiman

Pico Sacro, 21:00 horas.
Concerto de Queiman.

Venres
19

Loga nas Insuas de Gres

Actividade de loga e Benestar. Ás 19:00 h. Inscricións e máis información no Dep. de Cultura 981 513 115 / cultura@boqueixon.es

Máis información e inscricións:

Centralíña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

CIM: 981 513 061
cim@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com